

## **A morte do drama**

DARÍO VILLANUEVA  
Universidad de Santiago de Compostela



En 2003 repúxose, despois de sete lustros da súa última representación, a peza teatral de Antonio Buero Vallejo *Historia de una escalera*, estreada en data tan afastada como 1949. Baixo a dirección de Juan Carlos Pérez de la Fuente, o Centro Dramático Nacional levou á escena, no teatro María Guerrero de Madrid, este texto xa clásico no que a crítica valorou desde un principio o seu carácter de fondo drama que representa e denuncia o desespero existencial dunhas vidas marcadas polo lastre insuperable dunha esmagante posguerra.

Asistín a unha desas funcións madrileñas nun serán primaveral no que o teatro se encheu dun público para min especialmente prometedor. Eran ducias de mozos e mozas adolescentes que, acompañados polos profesores dos seus centros educativos, acudían ao María Guerrero como quen vai de festa, o que me resultou doadamente comprensible: aquilo significaba tanto como substituí-la rutina das aulas pola novidade fascinante dunha experiencia teatral que, dito sexa de paso, sempre formou parte do repertorio dos recursos educativos audiovisuais *avant la lettre*. É ben coñecido o intenso emprego do teatro polos centros de ensino de tradición anglosaxona, sen esquencer, máis perto da nosa cultura, a mesma utilización da arte de Talía nos colexios xesuíticos.

O balbordo preliminar non remitiu, porén, unha vez levantado o pano. Para o meu desconcerto, aquel público de xente moi nova reaccionou expresivamente sempre do mesmo xeito, de forma invariable, ás distintas escenas que artellaban os tres actos de *Historia de una escalera*: riron xeralizadamente, moitas veces ás gargalladas, sempre que remataba unha situación dramática ou un parlamento, e así escena a escena ata o propio final.

O que aquilo representaba era nin máis nin menos que a comprensión dun drama como se fose unha comedia, e isto sen a máis mínima marxe de dubitación. Antonio Buero Vallejo quixo representar, ao longo dun percurso temporal de trinta

anos, cómo o drama da vida transmitía de pais a fillos as mesmas frustracións, os mesmos fracasos, un mesmo destino inmisericorde. Todo isto se manifesta a través de situacións repetitivas desenvolvidas no escenario desolador dunha escaleira que se nos figura como unha trampa ou cepo no que fican atrapadas as vidas tanto de Carmina e Urbano, de Fernando e Elvira, como da filla dos primeiros e o primoxénito dos segundos. Todos recordamos, no acto primeiro, o clímax que se produce cando Fernando, soñador abúlico, promete á súa noiva unha cadea de logros que os irá levando paulatinamente ao triunfo persoal e á felicidade amorosa, e todo remata cando o mozo, embebido nas súas ensoñacións, fai que se verta o leite que Carmina vén de mercar ó empurralo co seu pé.. Esta recreación do amargo «conto da leiteira», que probablemente xa non di nada ós máis novos, foi rematada cun risoño aplauso do auditorio, encantado, ao parecer, polo cómico da situación e pola torpeza do protagonista.

Para min aquela resposta, a recepción unánime da peza de Buero Vallejo polo público máis novo en clave cómica, representou nin máis nin menos que a morte do drama, a lectura dunha peza destas características como comedia, xéneros antitéticos entendidos como tales desde que o propio Aristóteles formulase a súa teoría poética.

George Steiner hai case que cincuenta anos estudou o gran tema da morte da traxedia. Tódalas persoas temos conciencia do sino tráxico que se ceba nalgunhas vidas pero a traxedia como xénero teatral tivo o seu momento e hai séculos que desapareceu. As forzas tráxicas son irracionais e insuperables. Cando as causas da catástrofe tráxica son afrontables con posibilidade de reducilas ou erradicilas, entón entramos xa na esfera do drama, como sucede en *Historia de una escalera*. Unha sociedade mellor artellada, máis aberta, con máis incentivos e posibilidades, e un temperamento máis decidido, menos apático e acomodaticio dos protagonistas cambiaría por completo a súa sorte e levaría á realización positiva das súas vidas.

Buero Vallejo non quixo, sen embargo, representar esa posibilidade na súa peza; o seu intento era sacudir dramaticamente ao público, xerando nel a catarse de conxurilas súas propias eivas, as que tiñan os espectadores de 1949 e temos tamén os de hoxe, mediante a representación do sufrimento de quen, sobre o escenario, nos mimetiza. Mais un grupo homoxéneo, por idade e por formación, de espectadores de 2003 non se sentiu concernido por semellante proposta teatral, e de feito transformaron o drama de Buero nunha comedia, fonte de ledicia, de riso, de festa. Certamente, o teatro, dende as súas orixes, é festa nun senso litúrxico, ritual, en certo modo mítico. É a festa na que a sociedade, colectiva, tribalmente, se reconece a si mesma na pantomima que se representa sobre a escena, pero unhas veces o froito da festa, a catarse, é risoña, mentres que noutras é aceda. Se aquel público mozo ría un drama como comedia, de feito reducía a esta última posibilidade toda manifestación teatral. ¿E cómo así?

Reflexionando sobre o sucedido naquel serán do María Guerrero fíxoseme moi presente unha poderosa mediación que podería ter influído no fenómeno: a mediación

televisiva. Aqueles mozos pode ser que participasen por primeira vez nunha representación teatral, como acreditaba quizais o estado de euforia con que se achegaron ao coliseo. Pero, ¿cantas horas de televisión terían xa asimiladas na súa curta vida?

Por outra parte, en moitas desas horas, por caso nas ficcións televisivas que se lles ofreceran, o rexistro non soamente tería sido cómico senón que estaría acompañado do reforzo dunhas risas enlatadas que desde a propia banda sonora da emisión inducirían unha resposta unánime unívoca. En certo modo, a televisión é fundamentalmente comedia, ata o extremo de que poida chegar a suxerir ás novas xeracións unha identidade funcional entre a comedia e o espectáculo televisivo.

O paso seguinte na miña argumentación levome ao terreo do que será o motivo central destas páxinas. A pregunta é doada: ¿estaría asistindo a unha manifestación nida dun cambio radical de sensibilidade entre os máis novos? Despois de que durante vintecinco séculos, as persoas reaccionasen diante da traxedia como traxedia e diante da comedia como comedia, ¿a poderosa mediación televisiva de que falamos sería quen de cambiar tan profundamente os alicerces da condición humana e a nosa capacidade de comprensión ata o extremo de abrir unha fenda insuperable entre Antonio Buero Vallejo, ou mesmo a miña xeración, nacida cando *Historia de una escalera* estaba xa escrita, e os espectadores potenciais de hoxe, acubillados ademais por un contorno de ensino ao que interesaba mante-la ligazón entre proceso educativo e representación audiovisual a través do teatro?